



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

ACTA Nº 2023/6
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE SESIÓN, LUNS 26 DE XUÑO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

JUAN MANUEL SABORIDO RAMA

ASISTEN:

PSOE

MARÍA MERCEDES NOCEDA GOMEZ
JUAN MANUEL PÉREZ LADO
SANDRA FERNÁNDEZ SIABA
JOSE MANUEL GONZÁLEZ REY
JOAQUÍN REY CAAMAÑO

BNG

RAMÓN NOCEDA CAAMAÑO
IVÁN FRANCO CAAMAÑO

PP

AGUSTÍN GONZÁLEZ DOSIL
JOSÉ ELISARDOO GARCÍA LAGO

SECRETARIO

JOSÉ LUIS VEIGA SIERRA

AUSENTE

BELÉN CAMPOS DÍAZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN CONSTITUTIVA DE 17-06-2023

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2023/5 do 17/06/2023) que se entregou coa convocatoria.

O portavoz do BNG, don Ramón Noceda, manifesta que bota en falta o discurso do sr. alcalde, polo que se aproba condicionada á dita observación.

2.- CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS, INTEGRANTES E PORTAVOCES.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
17032
17251

Polo Sr. alcalde infórmase do escritos presentados sobre a constitución dos grupos políticos:

PSdeG-PSOE, constituído por Juan Manuel Saborido Rama, María Mercedes Noceda Gómez, Juan Manuel Pérez Lado, Sandra Fernández Siaba, José Manuel González Rey e Joaquín Rey Caamaño. Nomean voceiro do grupo a Juan Manuel Saborido Rama e suplentes ao resto do grupo.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, integrado por Ramón Noceda Caamaño, María Belén Campos Díaz e Iván Franco Caamaño. Designan como portavoz a Ramón Noceda Caamaño e como portavoces suplentes a María Belén Campos Díaz e Iván Franco Camaño.

Expresa o Sr. alcalde que quedan constituídos os grupos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG cos seus integrantes e portavoces, quedando pendente dar conta no seguinte Pleno da presentación da constitución do grupo do Partido Popular.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

Pola Alcaldía infórmase ao Pleno da Corporación da seguinte proposta:

O artigo 46 da Lei 7/1985, LBRL e 210 da Lei de Administración Local de Galicia establecen que os órganos de goberno colexiados da Entidades Locais funcionan en réxime de sesión ordinarias preestablecidas, establecendo a norma básica estatal unha frecuencia mínima trimestral para os municipios de ata 5.000 habitantes e a normativa autonómica unha frecuencia mínima de dous meses, sen distinguir a poboación dos municipios.

Conforme ao anterior, propoño ao pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

O Pleno celebrará sesión ordinaria o último venres dos meses de xaneiro, abril, xullo, e outubro, no Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas. No caso de ser festivo, trasladarase ao venres seguinte.

O Alcalde, previa consulta aos portavoces dos grupos políticos, poderá acordar, con carácter extraordinario e por razóns de oportunidade e economía administrativa, desprazar a data de celebración cinco días antes ou despois da preestablecida.

O GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE CARNOTA, a través do seu portavoz D. Ramón Noceda, e ao abeiro do disposto no artigo 97.2 do ROF e en relación co disposto co artigo 82.3 do mesmo Texto Legal, formula a seguinte

PROPOSICIÓN

O Grupo Municipal do BNG propón de conformidade co artigo 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galiza que os plenos ordinarios se celebren cunha periodicidade mínima de dous meses.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

XUSTIFICACIÓN

1.- A proposta do alcalde aplica, erroneamente, o artigo 46 da LBRL española que é o marco en ausencia de regulación propia, Galiza conta ca Lei 5/1997, por elo e de conformidade coa disposición final 2ª.3 da devandita Lei e na aplicación do artigo 149.3 da CE, no que establece que as normas estatais serán de aplicación supletoria, deberá aplicarse para a periodicidade dos plenos o artigo 210.2 a) da lei galega.

2.- A ausencia de plenos coarta o san debate político, que é o sitio onde debe darse, e merma a labor de control e fiscalización da oposición que representa a máis do 51% dos votos do noso Concello e que polo tanto merecen a mesma consideración e respecto que o 47,75% do resto dos votantes.

SOLICITA

Que se aprobe a proposta formulada e acorde que os **plenos ordinarios teñan unha periodicidade mínima de dous meses** de conformidade co artigo 210.2 a) da Lei galega 5/1997 de 22 de xullo.

Lida a proposta do grupo do BNG, constátase que, en efecto a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia recolle, no seu artigo 210.2.a, unha especificación da periodicidade mínima das sesións, establecéndoa en dous meses mínimo en lugar dos tres que a Lei 7/1985, de 2 de abril, dispón para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

Dado o mandato legal e a incongruencia entre parte expositiva e dispositiva da proposta presentada ao Pleno, o sr. alcalde, previa consulta co sr. secretario, fai súa a proposición do grupo do BNG.

Na quenda de intervencións o concelleiro do Partido Popular, don Agustín González, apoia a proposta presentada polo grupo do BNG, e engade que os Plenos se levan facendo nos últimos 8 anos cada 2 meses, que é un costume.

Os concelleiros entran en debate sobre a cuestión.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (6 do grupo do PsdeG-PSOE, 2 do BNG, 2 do grupo do PP).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

DILIXENCIA DE SECRETARÍA:

A poño eu, José Luis Veiga Sierra, para facer constar que non foi votada a inclusión do texto, presentado como proposición polo Sr. Noceda, na orde do día, tal e como esixe o artigo 97.2, en relación co 82.3 do Real Decreto 2568/1986, ROF. En consecuencia, esta secretaría-intervención informou da conveniencia da inclusión do punto na orde do día da seguinte sesión plenaria.

4.- PROPOSTA DE CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Informa o Sr. alcalde da proposta de creación da Comisión Especial de Contas que de seguido se transcribe:

O artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, LBRL dispón que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116, o que establece que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación.

Pola súa parte, o artigo 20.1.c) establece que os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos nos órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno (as coñecidas denominadas "Comisións Informativas"), mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros/as que teñan no Pleno.

O artigo 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dispón que a Comisión Especial de Contas da Entidade Local estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación, en proporción á súa representatividade no Concello, ou igual para cada grupo, aplicándose neste último caso o sistema de voto ponderado.

Finalmente, o artigo 68 da citada Lei de Administración local de Galicia dispón que serán os grupos políticos os que designen os membros que haxan de integrar as comisións.

Á vista de todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO:

Dispoñer que se constituía a Comisión Especial de Contas do Concello de Carnota, que se integrará por un concelleiro/a de cada grupo político, co sistema de voto ponderado, de modo que cada representante ostentará a representación do número de votos que se corresponde co número total de concelleiros/as que forman parte de grupo político ao que representa.

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde.

VOCALES: Un/ha concelleiro/a por cada Grupo político que se constituía.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

Poderán proporse os membros na sesión plenaria. En caso de non ser nomeado algún dos integrantes, darase traslado deste acordo ao portavoz ou portavoces do/s grupo/s político/s en cuestión, para que no prazo de quince días comuniquen o concelleiro/a designado para formar parte da Comisión Especial de Contas e un suplente.

Na quenda de intervencións o concelleiro do BNG, don Ramón Noceda, aclara que efectuaron a proposta por escrito.

O sr. alcalde indica que está feita a proposta do BNG e PSOE e que falta a proposta do PP.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor:10 (6 do grupo do PsdeG-PSOE, 2 do BNG, 2 do grupo do PP).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE EN MATERIA ORGANIZATIVA

-Designación de Tte de alcalde

Pola alcaldía dase conta da resolución número 375/2023 de data 20/06/2023, pola que se acorda designar os tres tenentes de alcalde do Concello de Carnota:

1ºTte de alcalde: María Mercedes Noceda Gómez

2ºTte de alcalde: Juan Manuel Pérez Lado

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

-Delegación de competencias por áreas

Pola alcaldía dase conta da resolución número 374/2023 de data 20/06/2023, pola que se acorda a delegación dos servizos propios das seguintes áreas:

María Mercedes Noceda Gómez	Servizos Sociais, Igualdade, Benestar, Xuventude , Infancia e Educación
-----------------------------	--



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

Juan Manuel Pérez Lado	Patrimonio e Medio Ambiente
Sandra Fernandez Siaba	Turismo e Normalización Lingüística
José Manuel González Rey	Pesca, Acuicultura e Deportes

O Sr. alcalde pregunta se alguén desexa manifestar algo, non habendo intervención dos membros da Corporación.

6.- PROPOSTA DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN CONSELLOS ESCOLARES E OUTRAS ENTIDADES E ORGANISMO

Informa o Sr. alcalde da proposta de representantes do Concello en Consellos Escolares e outras Entidades e Organismos, que de seguido se transcribe:

Proponse ao Pleno a designación dos seguintes concelleiros/as para representar ao concello de Carnota nos órganos, organismos ou entidades que se relacionan:

REPRESENTANTES CONSELLOS ESCOLARES

- CEIP de Carnota: Sandra Fernández Siaba
- CEIP de O Pindo: Juan Manuel Pérez Lado
- IES LAMAS DE CASTELO: Sandra Fernández Siaba
- Escola infantil Galiña Azul: Sandra Fernández Siaba

REPRESENTANTES EN MANCOMUNIDADES

- Mancomunidad Serra do Barbanza: María Mercedes Noceda Gómez
- Mancomunidad de Augas: Juan Manuel Saborido Rama

Na quenda de intervencións o concelleiro do BNG, don Ramón Noceda, pregunta se Sandra é representante do Consello Escolar pola ANPA.

A concelleira do PSOE, Sandra Fernández, responde que non foi en ningún momento representante do Consello Escolar pola ANPA, explica que sempre foi a representante do Concello neste órgano.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

Non habendo máis intervencións, pasouse ao seguinte punto da orde do día, non sendo sometida a votación a proposta.

DILIXENCIA DE SECRETARÍA:

A poño eu, José Luis Veiga Sierra, para facer constar que a proposta non foi sometida a votación. Se ben das intervencións dos membros do Pleno no debate pode inferirse a súa conformidade, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 98 do Real Decreto 2568/1986, ROF, e artigo 210 d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, informouse por esta secretaría da conveniencia da inclusión do punto na orde do día da próxima sesión plenaria.

7. INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS

Informa o Sr. alcalde en relación coa determinación dos gastos de representación, axudas de custo e indemnizacións dos membros da Corporación polos conceptos que logo se indican, proponendo ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

a) Asistencia a sesión de órganos colexiados da Corporación.

Os membros da mesma que non desempeñen cargos con dedicación exclusiva ou parcial percibirán as seguintes indemnizacións:

- Asistencia a sesión do Pleno: 75 €
- Asistencia a sesión da Comisións Especial de Contas: 75 €
- Asistencia a órganos colexiados non dependentes do Concello, nos que este deba estar representado: 75 €. Neste caso, sempre que os propios organismos ou entidades non teñan aprobada unha indemnización por este concepto.

As indemnizacións por asistencia a órganos colexiados da Corporación liquidaranse trimestralmente e practicaráselle a retención mínima do 2%, agás que o perceptor comunique formalmente a elección dun tipo superior.

Na quenda de intervencións o concelleiro do BNG, don Ramón Noceda, manifesta que estes importes lle parecen excesivos.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 do grupo do PsdeG-PSOE.

Votos en contra: 2 do BNG

Abstencións: 2 do PP

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta

8.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE DEDICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
17032
17251

Informa o Sr. alcalde da proposta que de seguido se transcribe:

Dispón o artigo 75.1 da Lei 7/1.985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local na redacción dada ao mesmo pola Lei 11/1.999 do 21 de abril, que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, nese caso serán dados de alto no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas deles dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

De acordo ao disposto no artigo 75 bis da mesma Lei, os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación. No caso do concello de Carnota, a retribución máxima será a que percibe un Secretario de Estado menos o 60%. Dito máximo será fixado anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Segundo o apartado segundo do artigo 75 da Lei 7/1985, os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alto no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Estas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

O artigo 75 ter d), pola súa parte, dispón que nos concellos con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de tres.

A Orde do 12 de marzo de 1.986 regula o alto e cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social dos membros das Corporacións Locais con dedicación exclusiva.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

PRIMEIRO. Determinar que os cargos Alcalde-Presidente e a concelleira delegada responsable da área de Servizos Sociais, Igualdade, Benestar, Xuventude, Infancia e Educación, realicen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e total, polos motivos expresados na parte expositiva.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro. Así mesmo, darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo esta corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

O cargo de alcalde-presidente percibirá unha retribución anual bruta de 41.416,00 €.

A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Benestar, Xuventude, Infancia e Educación percibirá unha retribución anual bruta de 28.000,00 €.

TERCEIRO. Ás retribucións fixadas nos dous apartados anteriores aplicaráselles o incremento de retribucións que para os empregados públicos se establezan cada ano nas distintas leis de orzamentos xerais do Estado.

CUARTO. Os presentes acordos terán efecto desde o día da súa aprobación polo Pleno e permanecerán vixentes ata tanto non sexan revogados expresamente ou se constitúa unha nova Corporación.

QUINTO. Publicar os anteriores acordos no taboleiro de anuncios do Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia.

Na quenda de intervencións o concelleiro do BNG, don Ramón Noceda, mostra a súa conformidade para que o alcalde e a tenente de alcalde teñan as súas retribucións. Sinala que non sabe o que puido cambiar para modificalas, excepto que teñan a maioría absoluta. Considera que se trata dunha suba de salario desproporcionada, cando se acaba de subir o salario dos funcionarios e políticos o 4%, sumado ao 15% de incremento do alcalde, e case o 90% da tenente de alcalde. Parécelle eticamente reprochable. Explica que nin sequera existe consignación presupostaria para este incremento. Cre que teñen que cumprir o seu programa.

O concelleiro do BNG, don Iván Franco, explica que en 8 anos se pasou duns 30.000 € en soldos políticos a uns 70.000 €. Afirmar que o incremento é máis do dobre. Realiza unha comparativa co goberno do BNG, que no primeiro pleno baixaron os soldos políticos, e o PSOE incrementaos. Opina que hai que ver se esta maneira de gobernar para a veciñanza é boa. Pensa que despois de solicitar un crédito de 500.000 € para atender ás necesidades de tesourería, e tamén de pasar, en catro anos, dun remanente de 500.000 € a 12.000 €, se debe motivar esta subida de soldos. Solicita xustificación por parte dos involucrados.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
37032
37251

O concelleiro do PP, don Agustín González, explica que lle parece excesiva a subida do 68% do soldo da tenenta de alcalde, que actualmente cobra 17.800 €, aos que lle hai que sumar o incremento do 4% e despois un 64% a maiores, ademais do 32% de custe da de Seguridade Social. Así mesmo, explica que o soldo actual do alcalde é de 36.000,00 €, aos que se lle acaba de subir o 4% e despois o 13% máis no mesmo exercicio, e a maiores o 32% da Seguridade Social. Entende que non está xustificado este incremento e que vai afectar ás arcas municipais.

O alcalde sinala que o tope sitúase en 46.462,02 €. Explica que o Concello pode dedicar arredor de 92.000 € a soldos políticos e destinan arredor de 60.000 €, 30.000 € por debaixo do tope. O alcalde diríxese aos concelleiros manifestando non saber o que van facer os Concellos de Mazaricos e Zas, onde goberna o BNG. Explica que unha vez teña os datos deses concellos solicita resposta por parte do BNG e comenta que os datos do PP xa non os quere nin mencionar. Aclara que non vai solicitar o pago de dietas e quilometraxes. Xustifica o salario da tenenta alcalde co seu traballo.

A concelleira do PSOE, dona Mercedes Noceda, quere saber o que cobraba Belén, sendo tenenta de alcalde, con dedicación parcial.

O portavoz do BNG, don Ramón Noceda, responde, se non recorda mal, que cobraba sobre 12.000 € anuais por unha dedicación parcial. Non quere entrar neste debate e só quere saber cal é a xustificación para a subida de soldos dun mes para outro.

A concelleira do PSOE, dona Mercedes Noceda, explica que Belén cobraba 1.000 € e ela coa dedicación exclusiva 960 €. Compara as competencias de cada unha delas e sinala que as súas son maiores.

O concelleiro do PP, don Agustín González, indica que o salario de Belén e o de Mercedes Noceda é o mesmo, 1.200 € brutos, tendo a primeira xornada parcial e a segunda xornada completa.

A concelleira do PSOE, Mercedes Noceda, acláralle que ela tiña unha dedicación exclusiva, non podía ter outro traballo.

O concelleiro do BNG, don Iván Franco, quere obter resposta á pregunta que fixo anteriormente, é dicir, xustificación ao incremento salarial. Explica que na primeira lexislatura do BNG, gobernando en minoría, só tivo unha dedicación exclusiva, e no primeiro pleno o primeiro que fixo foi baixar o soldo político. Indica que o PSOE na súa primeira lexislatura o primeiro que fixo foi subirse o soldo e obter dúas dedicacións. Prosegue a intervención sinalando que na segunda lexislatura do BNG, ao segundo ano, estableceuse un soldo para a tenente de alcalde, Belén Campos. Insiste en obter unha xustificación para esta suba salarial.

O alcalde insiste en que están por debaixo dos 30.000 € do tope máximo.

O concelleiro do BNG, don Ramón Noceda, explícalle ao alcalde que co soldo anterior, xa era un dos alcaldes mellor pagados da zona.



LO DE CARNOTA

Gregorio, 19
CARNOTA (A Coruña)
2000-A
17032
17251

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 do grupo do PsdeG-PSOE.

Votos en contra: 4 (do grupo BNG e PP)

Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

Ás 20:33 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

O secretario, José Luis Veiga Sierra

O alcalde, Juan Manuel Saborido Rama